

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA A ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚMERO 5/12, TRAMITADO POLO PROCEDIMENTO NEGOCIADO, PARA O SUBMINISTRO DUN SISTEMA DE BALANCEO DE CARGA

Con data 19 de xuño de 2012, aprobáronse os pregos de condicións e de prescricións técnicas que rexeron no expediente para a contratación pola Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (en diante, Fundación CESGA), a través do procedemento negociado, do subministro dun sistema de balanceo de carga, (expediente de contratación número 05/12).

Cursouse invitación a sete (7) empresas capacitadas para a prestación do servizo obxecto de contratación, en concreto a Acuntia S.A., Instrumentación y Componentes S.A., EMETEL Sistemas S.L., INFORHOUSE S.L., SATEC, Sistemas Audiovisuales Itelsis S.L., e máis INDRA Sistemas S.A., concedéndolles a todas elas un prazo de quince (15) días naturais para a presentación da súa oferta.

Rematado o prazo para a presentación de ofertas (o 4 de xullo de 2012), recibíronse no Rexistro interno da FUNDACIÓN CESGA as seguintes ofertas:

- Sistemas Audiovisuales Itelsis, S.L., titular do CIF B 84751270
- INFORHOUSE, S.L., titular do CIF B 36112803
- ACUNTIA S.A., titular do CIF: A80644081, manda xustificante de envío segundo se establece no punto 8.1 dos pregos, chegando o orixinal o día 5.
- Sistemas Avanzados de Tecnología S.A. (SATEC), titular do CIF A 33117995 manda xustificante de envío segundo se establece no punto 8.1 dos pregos, chegando o orixinal o día 5.
- INDRA Sistemas S.A., titular do CIF A 28599033, manda xustificante de envío segundo se establece no punto 8.1 dos pregos, chegando o orixinal o día 5.

As empresas EMETEL e máis Instrumentación y Componentes S.A., non envía ningunha oferta nin comunicación.

O 10 de xullo de 2012 procedeuse á apertura do sobre A, de documentación xeral, dos licitadores, observándose os seguintes defectos ou omisións emendables na documentación presentada:

- INFORHOUSE S.L.: non consta
 - Declaración asumindo o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, tal e como aparece no último parágrafo do apartado D da folla de especificacións.
- INDRA SISTEMAS S.A. non consta:
 - Declaración expresa sobre a circunstancia de pertencer a un grupo de empresas segundo o modelo que aparece como Anexo IV dos pregos.
- Sistemas Audiovisuales Itelsis, S.L. non consta:
 - Acreditación da solvencia técnica e profesional segundo se establece no apartado D da folla de especificacións.
 - Declaración asumindo o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, tal e como aparece no último parágrafo do apartado D da folla de especificacións.

Polo tanto, tendo en conta o prego de condicións xurídicas, acórdase solicitar ás empresa, INFORHOUSE S.L., INDRA Sistemas S.A. e Sistemas Audiovisuales Itelsis S.L., que corrixan, emenden ou aclaren a documentación presentada, enviando a solicitude o día 12 de xullo, e concedéndolle 3 días hábiles para realizar ese trámite.

Finalizado o prazo conferido para a emenda de defectos na documentación xeral, as empresas INFORHOUSE S.L., Indra Sistemas S.A. e Sistemas Audiovisuales Itelsis, S.L.. presentan a documentación solicitada, polo que os cinco licitadores que se presentaron foron admitidos ao proceso de licitación.

A continuación procedeuse á apertura do sobre B, (documentación relativa aos criterios cualitativos e cuantitativos), contendo as ofertas presentadas todos os documentos esixidos nos pregos, dos que resultaron as seguintes propostas económicas:

EMPRESA	Prezo con IVE	Prezo con IVE
INFORHOUSE	42.909,00	50.632,62
INDRA	49.587,60	58.513,37
ACUNTIA	47.443,89	55.983,79
SATEC	49.589,07	58.515,10
ITELISIS	49.390,01	58.280,21

Ningunha das propostas económicas excede do prezo base de licitación nin tampouco se aprecia ningún dato que poida facer inviable a proposta formulada polos respectivos licitadores.

Trala correspondente negociación cos licitadores, procedeuse á valoración das ofertas segundo os criterios de adjudicación establecidos no prego de condicións.

Para unha mellor valoración das ofertas cualitativas, solicitouse a Ignacio López Cabido, Subdirector Técnico, e máis Natalia Costas Iago, técnico superior de comunicacións, a elaboración dun informe de valoración das ofertas presentadas conforme aos criterios cualitativos previstos no prego de condicións, e do que resultan as consideracións que se expoñen a continuación.

Segundo o apartado G do cadro de especificacións dos pregos de condicións que rexen a contratación, os aspectos cualitativos (NON cuantificables de forma automática ou mediante fórmulas matemáticas), puntuaranse ata un máximo de 60 puntos, a puntuación acadada polas empresas é a seguinte:

CRITERIOS CUALITATIVOS	Puntuación máxima	INFORHOUSE	INDRA	ACUNTIA	SATEC	ITELISIS
Melloras na configuración	22	15,18	1,05	14,00	8,00	14,00
Garantía e soporte técnico:	20	9,5	9,5	8,0	3,0	7,0
Calidade tecnolóxica:	16	6	7,5	13	9	16
Calidade da presentación da oferta:	2	2	1	2	2	2
Total Criterios Cualitativos:	60	32,68	19,05	37,00	22	39,0

Segundo o mesmo apartado G do cadro de especificacións dos pregos de condicións que rexen a contratación, o único criterio cuantitativo, é dicir, cuantificables de forma automática ou mediante fórmulas matemáticas, é o prezo, que se puntuará ata un máximo de 40 puntos.

EMPRESA	PUNTUACION
INFORHOUSE	40,00
INDRA	34,61
ACUNTIA	36,18
SATEC	34,61
ITELISIS	34,75

O resumo da puntuación acadada por cada unha das ofertas é o seguinte:

	Criterios cualitativos	Criterios cuantitativos	TOTAL
INFORHOUSE	32,68	40,00	72,68
INDRA	19,05	34,61	53,66
ACUNTIA	37,00	36,18	73,18
SATEC	22,00	34,61	56,61
ITELISIS	39,00	34,75	73,75

ACORDO:

Primeiro.- Adjudicar o contrato para o subministro de conmutadores xigabit ethernet, á empresa Sistemas Audiovisuales Itelsis, S.L., titular do CIF B 84751270 , polo importe total de cincuenta e oito mil douscentos oitenta con vinte e un céntimos (58.280,21€), sendo corenta e nove mil trescentos noventa euros con un céntimo (49.390,01 €) a base impositiva, e oito mil oitocentos noventa euros con vinte céntimos (8.890,20 €) o imposto sobre o valor engadido.

Segundo.- Comunicar aos licitadores a adjudicación do contrato e simultaneamente publicar a ditada adjudicación no perfil do contratante da páxina web da Fundación CESGA.

Terceiro.- A formalización do contrato non poderá efectuarse máis tarde dos quince (15) días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación de adjudicación aos licitadores.

En Santiago, a 2 de agosto de 2012,



O Director Xerente da Fundación
Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia – CESGA-
Asdo.: D. Javier García Tobío